


# DOLFINO



TIX

DOLFINO

CABININO

CABININO

CABINETS

CABINETS

CABINETS

CABINETS

CABININO

CABININO

CABININO

CABININO

**GOLFIÑO nº 9, ano 2006, IES Cabo Ortegal.**

<b>PORTADA.....</b>	<b>Jonathan Soto Torobeo Andrés Fernández Ríos</b>
<b>FOTOGRAFÍA.....</b>	<b>Tania Abella Fernández Ángela Valadés Armada M<sup>a</sup> Carmen Luaces Martínez Beatriz Fernández Mourente</b>
<b>MAQUETACIÓN.....</b>	<b>Beatriz Fernández Mourente Socorro Rey Rego</b>
<b>REDACCIÓN.....</b>	<b>M<sup>a</sup> Carmen Luaces Martínez Ángela Valadés Armada Samuel Ramos Armada Bibiana Barcia Fraga Tania Abella Fernández Montse Abella Isla Ánxeles Souto Domínguez Socorro Rey Rego Beatriz Fernández Mourente</b>
<b>COORDINACIÓN.....</b>	<b>Socorro Rey Rego Ánxeles Souto Domínguez</b>
<b>IMPRESIÓN.....</b>	<b>MUNDOGRAF SC</b>

# CONTIDOS

Editorial .....	5
Por fin estreamos insti! .....	6
<b>ENQUISA:</b>	
As perspectivas de futuro dos xoves en Cariño .....	8
<b>MÚSICA: A Danza de Arcos .....</b>	<b>10</b>
<b>DEPORTES:</b>	
Fomos ao Depor - Valencia .....	12
Saída da Volvo Ocean Race en Vigo .....	14
Cariño no tempo .....	16
Tempo do chicharrón .....	18
<b>ENTREVISTAMOS A: Mister A Coruña .....</b>	<b>19</b>
As malas linguas .....	21
Comics .....	24
Axenda 2005/06 .....	27
Da Coca-Cola ata Sargadelos .....	28
A Presentación do Golfiño VIII .....	30
Os nosos concursos e festas .....	31
<b>VIAXES:</b>	
Buon viaggio .....	37
Viaxe a Cataluña .....	39
Os nosos escritores .....	41
Os nosos artistas .....	43
Pasatempos .....	45
Benvidos ao IES Cabo Ortegal .....	51



Mª Carmen Luaces



Ángela Valadés



Tania Abella



Montse Abella



Samuel Ramos



Bibiana Barcia

# **AGRADECEMENTOS**

**Ante a petición de axuda que fixemos este ano dende a redacción ás empresas e establecementos locais só algúns responderon e colaboraron con nós axiña. Por esta razón queremos agradecerlles as súas novas aportacións a:**

**LIBRERÍA AGARIMO**

**LIBRERÍA ABRENTE**

**DEPORTES LUIS**

**FOTO LUISMY**

**CAFETERÍA DO IES CABO ORTEGAL**

**e**

**INFOSYSTEMS**

**Tamén queremos dalas grazas, pola súa colaboración desinteresada, aos profesores e profesoras que contribuíron cos traballos dos seus alumnos para a revista.**

**Moitas grazas a todos !**

# Editorial

Xa pasou outro ano e voltamos novamente con vós e con novas informacións que esperamos sexan do voso agrado.

Coma sempre, temos moitas cousas que contarvos. Nós cubrimos todas as novas que foron xurdindo ao longo do curso (festivais, concursos,...), como fixeramos o ano pasado, e outras que foron aparecendo sobre a marcha.

Empezamos coa inauguración do novo IES Cabo Ortegall, todo un luxo! Entrevistamos a Mister A Coruña, un ex alumno do noso centro e a algúns integrantes da “Danza de Arcos”.

Así mesmo, este ano houbo varias saídas didácticas, entre elas a viaxe de fin de estudos de 4º de ESO a Barcelona, Tarragona e Salou, da que veredes algunhas fotografías interesantes.

Tamén algúns alumnos/as de 1º de ESO foron a Roma nunha viaxe organizada pola Deputación de A Coruña. Unha destes alumnos contaravos as súas vivencias nesta viaxe.

Publicamos algunha obra en prosa e poesía do noso alumnado, as mínimas, xa que a participación este ano foi moi escasa. Esperamos que para a vindeira edición vos animedes a colaborar.

Asemade, houbo unha grande aportación no ámbito artístico, polo que iniciamos unha nova sección *Os nosos artistas*.

Ao final tedes pasatempos, feitos por alumnos e alumnas en diferentes linguas para o voso entretenemento.

Esperamos que vos guste e que vos animedes a participar nela.

Ata pronto!

*O EQUIPO DE REDACCIÓN*

# Por fin estreamos instituto

*O venres día 20 de xaneiro Cariño púxose de gala, inaugurábase o novo instituto*

## Entrevista á Conselleira de Educación

*Golfiño: ¿ Que lle parece o noso novo instituto?*

Dna. L.Piñón: Ben, é o primeiro que inaguro e moi ben, a directora e todo moi ben en xeral.

*G: ¿ E o noso pobo, Cariño, gústalle?*

LP: Si, xa a coñecía. Teño un avó en Cedeira. Hai moito que non vou por alí, pero Cariño coñezoo desde os 80. (Aínda que nacín en Bos Aires, meus pais son da Coruña).

*G: En que consiste o proxecto máis próximo que ten en mente?*

LP: Singularizar os centros con programas de idiomas, que aos centros se lles identifique por algo en concreto.

Becas para o estranxeiro (de idades comprendidas entre 12 – 17 anos) e estancias. Axudas en función de venta para un mes pagado.

*G: Non lle molestan os flashes das cámaras?*

LP: Ao principio si, pero despois xa é costume.



*Samuel Ramos, Bibiana Barcia e Montse Abella xunto a Dona Laura Piñón, Conselleira de Educación, despois da entrevista.*

## Entrevista a D. José Luís Armada Castro

*Golfiño: Xa vira o noso novo instituto?*

D. L. Armada: Si, precioso. Agora tedes que aproveitalo. É un luxo ter estas instalacións e este profesorado tan preparado.

*G: Para cando a piscina?*

LA: Ides ter unha piscina climatizada. As obras comezarán esta primavera.

*G: Que outros proxectos se van levar a cabo en Cariño?*

LA: Vaise derrubar o instituto vello, vaise facer unha senda de madeira (peatonal) bordeando a costa desde o Cabo até Feás, e colocarse un mirador de aves. Aumentar a cantidade de ciclos ...



A Conselleira de Educación e o Delegado Provincial á súa chegada ao centro recibidos pola Directora e autoridades locais.





Facendo un percorrido polas instalacións do novo instituto.



# As perspectivas de futuro dos xoves de Cariño



A maior parte das rapazas de primeiro ciclo queren ser mestras (1º ESO), mentres que os rapaces prefiren ser mecánicos.

Os rapaces / as de segundo ciclo non saben aínda o que queren ser (a maior parte), o mesmo lles pasa aos de Bacharelato



Todos os alumnos do centro estamos de acordo que en Cariño tería que haber máis ciclos ( medios ou superiores ), unha universidade, máis traballo, aínda que algún di que o único que tiña que ter Cariño para non ir fóra sería "que non estiveran os meus vellos".





Os rapaces / as de Primeiro ciclo, as rapazas queren ser mestras, médico, outras din que queren vivir do conto ou ganar moito e traballar pouco (Quen on querería iso para un mesmo?), os rapaces queren ser futbolistas ( a maior parte ), pero temos un de 1º de ESO que quere ser astronauta, outro que soña con ser presidente dos EEUU ( moita sorte aos dous, je, je ...).

Entre as rapazas de 2º Ciclo de ESO a maior parte aínda non sabe, mentres que os rapaces queren ser entre outras cousas: biólogo mariño, xuíz, arquitecto, controlador aéreo... Dous de 4º de ESO queren ser presidentes do goberno. Loitarán un contra o outro por conseguir os votos de pobo español ?

Os de bacharelato teñen gran diversidade de traballos ideais, ningún coincide. Neste grupo temos un rapaz de 1º de BACH que quere ser rei de España. Teremos entre nós un herdeiro da Coroa?

No Primeiro ciclo as rapazas seguen querendo ser mestras. Habrá en Cariño tantas prazas no Escolar para tanta mestra? Os rapaces xa teñen máis diversidade, pero en 2º de ESO temos a un que quere ser presentador do "Luar".

No Segundo ciclo aínda que hai moitos que non saben qué serían se non conseguisen o seu traballo ideal pois temos rapazas: integradora social, xuíza, bióloga, enxeñeira informática... e os rapaces: algún funcionario, biólogo, buzo, médico, profesor...

Os de Bacharelato tamén teñen gran variedade de traballos como as rapazas: tradutora, veterinaria, xornalista, técnico nun laboratorio ... e os rapaces: filósofo, físico, avogado, xefe de cociña, matemático, adestrador de fútbol...

Pois moita sorte a todos e que o queredes ser, o sexades! Pero mentres estades no IES vivide cada momento, pero estudade. No IES deixaredes uns dos mellores anos da vosa vida, e os que nos imos este ano pois levaremos nos nosos recordos a todos os profesores, compañeiros e bos momentos que tivemos.

**MOITA SORTE NO FUTURO!**


# Entrevista a Compoñentes da Danzas de Arcos



*Lucía Fraguela*



*Simón Prieto*



*Cristian Santiago*



*Manuel Senra*



*Roberto Breijo*

## **2- Cantos anos levas na danza de arcos?**

L- 1. S- 3. C- 5 ou 6. M- 4. R- 4.

## **3-Gústache estar na banda?**

L- Si. S- Si. C- Moito M- Si. R- Si.

## **4-Ides a moitos sitios? Onde?**

Todos - algúns. Lugo, Arteixo, Ortigueira, aquí...

## **5- Canto tempo e días lle adicades aos ensaios?**

Todos- Unha semana antes de bailar.

## **6- Pasádelo ben nos ensaios?E os días que actuades?**

Todos- Si. Si.

## **7- Hai moita xente na banda? Todos - Si.**

## **8- Levádesvos ben cos vosos compañeiros / as? Todos- Si.**

**9-Que vos parece que haxa nenas na danza?** Todos- Ben.

**10- È moi difícil facer o arco? Canto tempo vos leva facelo?**

Todos- Non (se tes práctica) . 1 hora aproximadamente.

**11- Cando se fundou a danza de arcos?** Todos- No Século XIX.

**12- Cando empezaron a entrar nenas na danza?**

C- Antes xa había unha femia , pero deixouno. Fai un ano.

**13- Algún ano non funcionou a danza?** Todos- Non.

**14- Chamáronvos para ir bailar este ano a moitos sitios?**

Todos- De momento non, agás nas festas patronais do pobo.

**15-Cres que a danza de arcos é unha das maiores actividades de Cariño?** Todos- Si.

**16- Desde cando tes afección por isto?**

L- Dende o ano pasado. S- Dende hai 3 anos. C e M- Dende pequeniños.

R- Dende hai 4 anos.

**17- Danvos algo a cambio por bailar?**

Todos- Comida e bebida, e se saímos de viaxe dannos a viaxe e a comida.

**18-Fuches ben recibido na danza cando te uniches a ela?** Todos-Si.

**19-Cal foi a mellor anécdota que vos pasou?**

Todos-Cando os xitanos se engancharon nos arcos.

**20-Saíchedes algunha vez de Galicia?** Todos-Non.

**21-Se vos portades mal, bótanvos dos ensaios?**

Todos-Si, bueno, depende.

**22-Cal é a idade media dos asistentes?(máis ou menos)** Todos-20 anos.



*As autoras desta entrevista xunto aos alumnos da Danza de Arcos*

*M<sup>a</sup> Carmen Luaces Martínez*

*Tania Abella Fernández*

# Fomos ao Depor-Valencia

En vista do importante que era o partido Deportivo-Valencia, o concello deu ao instituto 50 prazas para asistir, encargándose o centro e a ANPA de organizar a viaxe.

Sáímos ás 7 da tarde de Cariño nun autobús con destino A Coruña, acompañados de dous pais. Fixemos unha parada en Ferrol para recoller a varias persoas porque esa tarde xogaran alí un partido de fútbol.



David V, Alex, Miguel, Moisés, Marta, David C., e Elena no bus



Vista xeral do campo de Riazor

O autobús deixounos en Rosales e o resto do camiño fixémoslo andando, pasamos por diante do colexio Calvo Sotelo. Íamos moi festeiros (non sabíamos o que ía pasar).

Ao chegar ao estadio de Riazor, atopámonos cos xiadeiros que ían en coches particulares desde Cariño. As entradas déunolas Carlos, e despois de darnolas tivemos que buscar a porta de entrada, xa que non sabíamos onde estaba.

Sentámonos todos xuntos onde quixemos pero a xente que era socia íanos botando dos sitios e fomos parar a mesma fila pero máis adiante.

O ambiente estaba moi caldeado debido ao partido que se xogara en Valencia, onde se quentaran os ánimos debido algunhas declaracións e actuacións moi pouco deportivas por parte do entrenador, xogadores do Valencia e incluso do seu público.



No transcurso do partido



A zona dos Riazor Blues, onde os ánimos estaban moi caldeados

Cando estaban facendo exercicios de quecemento o público asubiáballe a Cañizares.

Sáíron os xogadores do vestiario para a súa presentación acompañados do árbitro e os xuíces de liña, xuntáronse os capitáns con eles para escoller portería e quen empezaría a xogar.

Comezado o partido foron transcurrido os minutos sen que ninguén marcara un gol, empezabamos a desesperarnos e algúns non facían máis que tocar a trompeta para tranquilizarse.

Cando marcou o Valencia as nosas esperanzas derrubáronse e saímos do estadio desilusionados (agardamos que a próxima vez que vaiamos o resultado sexa máis ao noso favor).

Voltamos ao autobús e puxéronnos a película de Harry Potter 3 e ninguén a quería ver. Chegamos a Cariño ás dúas da mañá.

*M<sup>a</sup> Carmen Luaces Martínez*  
*Ángela Valadés Armada*

# A Volvo Ocean Race

Sáímos os/as alumnos/as de 2º curso da ESO ás 10:10 do instituto Cabo Ortegal o día 9 de novembro do 2005 para ver a “Marea da Xuventude” con motivo da celebración da saída dos barcos que participaron e participan na Volvo Ocean Race. Na viaxe para non aburrirnos fomos xogando uns as cartas, outros escoitando música e o resto foron facéndolle a burla aos condutores dos coches, autobuses e camións.

Fixemos só unha parada nunha “área” de servizo nas aforas de Santiago de Compostela e alí vimos os nosos/as compañeiros/as do colexio Manuel Fraga Iribarne e saudámoslos.

Na parada fixemos fotos coas amigas e pasámolo moi ben . Voltamos aos autobuses para seguir a longa viaxe ata Vigo.

Cando chegamos ao noso destino, baixamos do autobús para recoller a pancarta que nos identificaba.



**O grupo co profesor Francisco Barge, titor de 2º ESO A.**

Achegámonos a unha praza e alí déronnos unhas bolsas que contiñan comida, as camisetas, o gorro e un impermeable. Mentres xantabamos veu unha gran pirata que se puxo a facer malabarismos coas espadas (que eran de plástico). Cando acabamos de xantar deixáronnos tempo para nós e Ánxela e eu (Mari) fomos sacarles unha foto aos que nos deron a comida, que por certo logo foron os encargados de acompañarnos ata o peirao onde supostamente debían estar os barcos e os seus tripulantes.



A nosa sorpresa foi que só estaba o barco do Movistar sen tripulantes, resumindo quedamos sen entrevistar a ninguén e nin subir a ningún barco. A continuación, xa que non puidemos subir ao barco, Yolanda Vázquez e outras autoridades que nos explicaron en que consistía e para que servía o da Volvo Ocean Race.

A continuación deixáronnos tempo libre para ir a onde quixesemos e nós fixémoslle unha pequena entrevista a arriba mencionada. Logo fomos a carón de Corina Porro (alcaldesa de Vigo) para preguntarlle porque non nos deixaban patinar na pista de xeo e ela contestounos que se eramos xornalistas e nós dixémoslle que si e díxonos que lle estabamos a facer a competencia ao seu amigo xornalista que estaba alí, despois mandou ao seu representante para que nos deixaran patinar sobre xeo porque eramos xornalistas. Ás seis que iamos (Ángela, Sara, Judit, Sheila, Arancha e Mari) co representante da alcaldesa deixáronnos entrar e déronnos as entradas que contiñan un agasallo, que era un osiño de peluxe (aínda o temos na casa je...,je.....).

Aos 30 minutos de estar patinando viñeron os nosos/as compañeiros/as e non os deixaron pasar ata que foron a xunto da Alcaldesa pero só as deixaron estar 5 minutos.

As 6.30 minutos da tarde viñeron os profesores que nos acompañaron (Paco e Xosé Lois) e dixéronnos que nos era hora de marchar. Saímos fóra e déronnos a merenda( un iogur, un plátano e unha barra de chocolate ) tamén nos deixaron repetir.

Logo subimos ao autobús para voltar a Cariño. Resumindo, pasámolo moi ben!



**Mari Carmen e Ángela, autoras desta reportaxe**

***Mª Carmen Luaces Martínez  
Ángela Valadés Armada***

# Cariño no Tempo: O Mar

Continuamos esta sección na que se fai unha viaxe pola historia do noso pobo, mediante a visualización de diferentes fotografías nas que faremos un percorrido polos nosos oficios, festas, tradicións..., e veremos a transformación que sufriu o noso pobo ao longo do século XX.

Nesta ocasión o noso tema é o centro da vida do noso pobo, o mar, do que viven ou viviron, directa ou indirectamente, unha grande parte dos carriñenses

As fotografías serven para inmortalizar imaxes, acontecementos, pero gardan tamén historias e sentimentos que reaparecen cada vez que nos asomamos a elas.

Mediante estes artigos queremos amosarlles fotografías que devolvan recordos a todas aquelas persoas que viviron a época que nelas se reflicte e que os máis novos aprecien como cambiou o noso pobo co paso do tempo.

Esta sección nace gracias a colaboración de toda a xente que prestou amablemente, e de forma desinteresada, as súas fotografías, ás que estamos moi agradecidos e, dende aquí, chamamos a todos os cidadáns para que sigan colaborando na realización do arquivo fotográfico histórico do noso Concello. Queremos agradecer, por parte do Instituto, a grande axuda que nos prestou don Francisco Barge Lorenzo, concelleiro de Cariño, autor do seguinte artigo, na procura de máis fotografías para completar o noso arquivo.



O porto de Cariño na portada do diario  
«El Eco Ortégano», maio 1910



Un barco de vapor







**Un cetáceo remolcado ao peirao.**



**Unha vista xeral da praia e o pobo.**



**Rifando roscóns a beneficio das festas con Modesto de Grela.**



**A antiga ubicación da Lonxa de Pescadores. anos 50-60.**



## TEMPO DO CHICHARRÓN

Esta expresión que dá título á fotografía xa forma parte da historia de Cariño e a xente que pasa dos cincuenta lembrará o que a presenza deste peixe supuxo para as economías dos nosos mariñeiros e, porque non, para os industriais que o procesaban.

O chicharrón aparecía nas nosas costas nos meses de novembro e decembro, sobre todo, e os barcos de cerco( tarrafas), moi abundantes na época ao igual que o peixe que nos ocupa facían a costeira , xa que logo ían pasar os meses do inverno na ría de Ortigueira (Sismundi), o que se dicía “ir ao río”, e aproveitaban para reparar naves e aparellos dado que daquela había que darlles a chamada casca (de aí vén o nome de Cascadeiro) porque eran de algodón e se non se facía así, non duraban.

Nas tarefas de carga e descarga sempre caían algúns peixes ao mar e os rapaces collíanos cunhas varas longas rematadas nuns ganchos (na foto pódese apreciar como o rapaz que aparece en primeiro plano sostén un deses artiluxios) e os máis ousados incluso sisaban algún do coche, cando ía cheo. Cando xuntaban un lote de peixe vendíanllo ás peixeiras e desa maneira sacaban uns cartos para satisfacer os seus gastos. Ao falar disto venme á memoria unha anécdota, que foi real como a vida mesma, e que lle afecta a un familiar meu falecido hai pouco tempo. Resulta que este meu tío chamado Modesto, máis coñecido polo Faiado, quería participar da tarefa do “gancho” e os seus amigos estábano agardando para ir pero seu pai non o deixaba e entón el berraba como un tolo desde enriba, preto do faiado, e tanto se asomou apoiado no pasamáns que caeu polo oco da escaleira perdendo os dentes de diante e dos que nunca máis se soubo; houbo quen dixo que os debeu tragar.

Tamén eran, xunto coa sardiña, os peixes para faceren a banastra .A sardiña a partir de outubro porque xa non tiñan tanta graxa e non se poñían barrentas e o chicharrón no final da campaña, alá polo mes de decembro, o que constituía o maná para a maioría das familias cariñesas .

Nota: A banastra en Cariño refírese a facer reserva de peixe para pasar o inverno e recorrendo á salazón como método de conservación.

# Entrevistamos a: MISTER A CORUÑA

O actual Míster A Coruña e Míster Internet, un ex-alumno do noso instituto, Andrés López Galdo, fíxonos unha visita ao centro para que varias das nosas reporteiros lle fixeran unha entrevista. Deporteou con Socorro, a súa profesora de Relixión nos anos nos que estivo aquí e lembrou, asemade, outros profesores que marcharon ou seguen no centro.



Andrés, con Socorro, a súa antiga profesora de Relixión.



O Mister, na Biblioteca, xunto ás nosas reporteiros, Ángela e Mari.

**G- Cales son as fases que tes que pasar para ser Mister?**

Pre-gala e a Gala do Certame Mister A Coruña e o Certame de Míster España.

**G- Que límite de idade hai que ter para presentarse a ese certame?**

25 para Míster A Coruña e 27 para Míster España.

**G- Cando descubriches esa afección pola pasarela?**

Todo empezou en Odeón, nun festival.

**G- É moi dura esa profesión?**

Depende do tempo que lle queiras adicar, pero complicada si.

**G-Cambiouche moito a vida?**

Non , sigo sendo o mesmo, pero coñécame máis a xente.

**G-Cales son as medidas e altura que piden normalmente?**

Altura, mozos, 1.80 e mozas, 1.75. Non hai medidas estipuladas para os mozos.

**G- É certo que hai moitos certames, enchufes ou trampas según o que vemos na televisión. É certo ou non?**

Eu non vin nada neste ano.

**G- Agora a que te vas adicar?**

Penso seguir neste mundo e trasladareime a Madrid ou a Barcelona.

**G-Que sentiches cando non te puideches clasificar para os seis últimos postos do concurso?**

A verdade é que non me decepcionou, estou contento.

**G- Vas volver a presentarte de novo ao concurso de Mister España?**

Non podo pola idade. Tería que esperar 4 anos e entón pasaríame de idade.

**G-Custóuche moito chegar á pasarela?**

Non me costou , se che gusta e tes a sorte de que te poidan chamar.

**G- Que che pareceu o xesto que tivo hacia ti Idoia Bilbao na Gala?**

Que queres que che diga, foi un xesto feo, parecía que quería contestar ela.

**G- Ata pronto, Andrés, e moita sorte.**

Ata pronto e grazas. Por se queredes esta e a miña web:[www.andres-lopez.com](http://www.andres-lopez.com)



**Mari Carmen, Ángela, Mister A Coruña e Tania, na entrada do instituto.**

*Ángela Valadés Armada  
M<sup>a</sup> Carmen Luaces Martínez  
Tania Abella Fernández*

# As Malas Linguas

Sabiades que o día de Entroido os profesores/as xogaban ao baloncesto contra os alumnos/as para fastidiar aos encapuchados. Os profesores fanfarronearon e puxéronse unhas capuchas e baixáronse un pouquiño os pantalóns e ademais foron moi inxustos, pasáronse cos alumnos, pero eles non se quedaron atrás e fixeron a súa xogada. Aínda así gañou o profesorado e montaron unha festa.



E non vos perdades isto... o de... non vou decir nada e que se non métome en moitos líos e, ben, ese profesor bailou coa profe de...ja...ja...ja non o vou decir que vos creiades e rapaces/as. Ben, o que os ía contando bailou un profesor coa profesora de “.....”, un profesor colleuna pola perna e tivo que deixala porque tiña ela cóxegas ou dano, non o sei ben, pero tampouco escoitei ben, o que sei e que tiñan unha festa que nin imaxinades



Un profesor ten moi boa relación con “.....” sempre coquetea (ou iso parece, non estou segura, pero polo menos pareceo e todo o mundo o di) e tamen ás veces cando fan as gardas nunca se separan e no pasillo sempre se saúdan e o caradura non saúda a ninguén máis. Ben o a unha ou dúas máis porque é así e non pensades que é de confianza nada máis.



Disque hai un profesor que levanta moitas paixóns nas rapazas do instituto, é un substituto que é moi novo. Agora pasámolo moi ben nas clases sen berros, nin rifas. Sempre imos agora a ordenadores e o profesor, fagamos o que fagamos, nunca nos rifa.

E tamén din que hai unha profesora que causa sensacións entre os xoves.

Os de 4º E.S.O foron de excursión a Barcelona é tamen foron outros alumnos/as doutros colexios. Os de Cariño aproveitaron e fixéronse moitas parellas e houbo moitas leas e no autobús de ida xa nin che conto. “Morreáronse” no bus dous que non eran noivos , porque non tiñan nada que facer. Un de Cariño aproveitou a ocasión, levou unha rapaza de Oviedo á habitación e eu non sei que fixo con ela, porque permaneceron na habitación como moito unha hora.



Os de 4º E.S.O foron de excursión a Barcelona é tamen foron outros alumnos/as doutros colexios. Os de Cariño aproveitaron e fixéronse moitas parellas e houbo moitas leas e no autobús de ida xa nin che conto. “Morreáronse” no bus dous que non eran noivos , porque non tiñan nada que facer. Un de Cariño aproveitou a ocasión, levou unha rapaza de Oviedo á habitación e eu non sei que fixo con ela, porque permaneceron na habitación como moito unha hora.

Un sábado pola noite no Micos, unha rapaza perseguía ao rapaz que lle gustaba e el non lle facía caso, pero ela insistía, e o rapaz estaba ata os mismísimos... Mellor non vos digo nada que é mellor calar. Ben, ela agarróuselle ao pezo e bicouno. Ao rapaz debeulle prestar moito, aínda que non o quixera. E ela quedou moi contenta e quedouse “flipando” e el non o sei moi ben pero a rapaza é unha leoa.





Sabiades que en Cariño, hai parellas que intercambian os mozos/as por diversión, iso eu, non o vexo normal, pero éche un “chollo” dos praceres. Por un lado é bo, pero por outro, ben, iso pode suceder por que as parellas non teñen boa relación.

A que non sabiades que unha ... esta enganando ao seu mozo e está con dous á vez e ela pídelle ao seu mozo que non a engane. Mais ben tiña que ser ao revés pero as mentalidades non dan para mais só dan para... pero a raza humana só ten conversas de besugos e que se nos miramos ben, dicímonos, somos realmente











ME PUSE GUAPA ...



HOLA!!

...¡Y ME ENCONTRE CON ÉL!



¡Y AHORA SOMOS NOVIOS!

¡CON 9 AÑITOS!

¡PERO EL AMOR QUE SENTIMOS  
NO ENTIENDE DE EDADES!

Jimena y Xiana  
3º ESO B.

FIN

ONE DAY..

# ROKO



10 MINUTES LATER.



ON THE GROUND FLOOR!



# AXENDA CURSO 05/06

<b>SETEMBRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estamos de noraboa, temos instituto novo.</li> </ul>
<b>OUTUBRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comezo do curso</li> </ul>
<b>NOVEMBRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• “Semana da Ciencia e da Tecnoloxía”. 2/11/05 . 4º de ESO +2º BACH</li> <li>• “Marea da Xuventude”. Saída da volta ó Mundo de vela. 09/11/05 alumnado de 2º de ESO.</li> <li>• “Obradoiro de reciclaxe de papel”. 24/11/05. Alumnado de 4º de ESO</li> </ul>
<b>DECEMBRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Teatro no Nadal               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Festival de Nadal aberto ó Público para recaudar fondos para a viaxe de estudos de fin de etapa 4º de ESO. 17/12/05</li> <li>- Festival de Nadal no IES. 19/12/05 . Todos os niveis</li> </ul> </li> <li>• Concurso de postais. Utilizamos o papel reciclado. Todos os niveis.</li> </ul>
<b>XANEIRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Semana da Paz. Exposición/Mural? “Imaxes do Mundo”. Todos os niveis .</li> <li>• Charla da asociación COGAMI de Ferrol . Integración das persoas con minusvalías. Temática? “Lesións medulares”, como consecuencia de accidentes de coche, moto e deportes de risco. 3º de ESO</li> </ul>
<b>FEBREIRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concerto solidario. “Sexteto de corda”. 03/02/06. Todos os niveis</li> <li>• Festa de Entroido. Concurso de: disfraces, comparsas e regueifas. Partido de balon cesto Alumnos-Profesores.</li> <li>• Campaña de esquí 2006? participan alumnos/as do IES.</li> <li>• Visita a empresas. Alumnos do Ciclo e de Garantía Social. Coruña 20/02/06.</li> <li>• Competicións deportivas intercentros. Cedeira 16/02/06. Participaron 7 alumnos de 1º ESO.</li> <li>• Patinaxe sobre xeo( Coliseum) + piscina (Aceadama). 3º e 4º de ESO. Coruña 06 /02/06.</li> <li>• Partido Deportivo Coruña – Valencia. Todos os niveis. Asisten 50 alumnos/as. 04/02/06</li> </ul>
<b>MARZO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Teatro. Casa da Cultura de Cariño .ESO e 1º de BACH. 03/03/06</li> <li>• II Xornadas de Orientación Profesional. 4ºESO, 1º e 2º de BACH.</li> <li>• Santiago. Centro de Arte Contemporáneo + Fundación Caixa Galicia. 4ª de ESO e 1º de BACH.</li> </ul>
<b>ABRIL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Semana do libro 2006. Actualización da Biblioteca do IES. Aconsellamos os nosos libros preferidos.</li> <li>• Coruña. Museo de Belas Artes + Museo Arte Contemporáneo Unión-Fenosa. Alumnos 2º de BACH. 18/04/06</li> <li>• Excursión fin de etapa 4º de ESO. 18/04/06 ata 24/04/06. Barcelona-Tarragona.</li> </ul>
<b>MAIO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concurso de pintura de Santo Andrés de Teixido. Todos os niveis.</li> <li>• Visita á Universidade e Ciclos Formativos. Pontedeume e Campus da Zapateira e Elviña. Alumnos de 4º de ESO e 2º de BACH.</li> <li>• Campaña de limpeza . 29,30 e 31 de Maio. Alumnos da ESO.</li> </ul>
<b>XUÑO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plantamos árbores. 1,2 e 5 de Xuño. Todos os niveis. Plantas cedidas pola Dirección Xeral de Montes e por membros da nosa c. educativa.</li> <li>• “Coñece Manzaneda Verde”. 5,6 e7 de Xuño. 1º e 2º de ESO. Actividades deportivas, convivencia e ocio.</li> <li>• Campeonatos deportivos fin de curso. Todos os niveis.</li> <li>• Partido alumnos-profesores.</li> <li>• Despedimos o curso. Coreografías. Grupos Musicais. Danza de Arcos.</li> <li>• Orlas de alumnos 4ºESO e 2ºBACH.</li> </ul>

# Da Coca-Cola ata Sargadelos

Eu vou a contar o meu punto de vista sobre a excursión que fixemos á fábrica da *Coca-Cola* de A Coruña pola mañá e á Fábrica - Taller de *Sargadelos* que se chama *O Castro* de Sada pola tarde. Para min foi unha excursión moi especial porque foi a primeira excursión que facía cos meus compañeiros/as do instituto. Saímos de Cariño ás **8:30** durante a viaxe ata A Coruña no autobús fomos cantando e facendo bromas para matar o tempo ata que baixamos na fábrica da *Coca-Cola*.



Ana Berta López, profesora de FOL, Pablo Villanueva, profesor de Informática, e Yago, autor desta reportaxe, xunto á responsable da fábrica de Coca-Cola e, noutra imaxe, co grupo, no percorrido interior das instalacións.

Ás **10:30** chegamos á entrada da fábrica de *Coca-Cola* e recibíunos a Xerente Xeral da fábrica que nos mandou entrar nunha sala de proxeccións para poñernos un vídeo sobre a fábrica e sobre a historia da *Coca-Cola*. Mentres víamos o vídeo dábanos un calendario e unha botella de vidro de *Coca-Cola*. Cando rematamos de velo a Xerente fíxonos unha serie de preguntas relacionadas co vídeo e cando rematou díxonos que para visitar a fábrica teríamos que levar posta unha viseira e o que non a levara non visitaría a fábrica e deunos cadanseu a nosa viseira e dirixíunos a unha nave onde estaban embalando e etiquetando miles e miles de envases dos distintos produtos que alí fabrican. Sabes que estás nunha

fábrica da **Coca-Cola** polo característico olor forte dalgúns produtos químicos que usan alí. A Xerente ensinounos aparte desá nave outra nave case idéntica cá outra. Cando rematamos a visita á fábrica da **Coca-Cola**, os profesores/as déronnos tempo de lecer ata ás **16:00** cando teriamos que viaxar para visitar a Fábrica- Taller de **Sargadelos** en Sada.



Yago, Pablo, Javier, Ezequiel e, ao fondo, o grupo á saída do autobús



No interior da fábrica-taller de Castro-Sargadelos.

No tempo de lecer fomos a un centro comercial para facer algunhas compras, comer un pouco e facer tempo ata partir para Sada ás **16:00**. Ás catro saímos rumbo a Sada, cara a Fábrica- Taller de Sargadelos e ás **16:15** xa estabamos alá, e cando entramos o primeiro que nos dixeron foi que estivesemos en silencio porque nese intre estaba a **TVE-2** gravando para o programa **Galicia para o Mundo** e despois entramos nunha sala de proxeccións e puxéronnos un vídeo sobre a historia e funcionamento da Fábrica- Taller de Sargadelos. Cando rematou o vídeo fixéronnos unha visita guiada pola parte do edificio que estaba destinada á fábrica e ás **18:00** collemos de novo rumbo a Cariño e chegamos aquí ás **20:30** cansos e desfeitos pola viaxe pero felices polo que vimos e aprendemos na viaxe.

**Yago Orizales Pérez**  
**Ciclo Formativo Informática**

# Presentación Golfiño VIII



O equipo de redacción da revista Golfiño xunto aos colaboradores do número 8 no acto de presentación na Biblioteca o luns 10 de outubro de 2006.

Tanto o Equipo de Redacción da revista como os colaboradores recibiron obsequios donados polos establecementos colaboradores, DEPORTES LUIS, AGARIMO, ABRENTE, NOVEDADES PRIETO e INFOSYSTEMS. A CAFETERÍA DO IES CABO ORTEGAL convidou a todos a uns aperitivos na Biblioteca.

*Elías Rodríguez Landrove*, autor da portada seleccionada..... 1 balón de futbito de Deportes Luis

• **O noso equipo de redacción:**


**Samuel Ramos Armada** (1 teclado inalámbrico- Infosystems; **Bibiana Barcia Fraga**.(1 gravadora de CD-ROMs- Infosystems); **M<sup>a</sup> Carmen Luaces Martínez** (1 xogo de bolígrafos e 1 estuche- Lib.Agarimo); **Aranha Breijo Martínez** (1 xogo de bolígrafos e 1 carpeta-Lib. Agarimo); **Ángela Valadés Armada** (1 estuche- Lib.Agarimo); **Cristina González Sola** (1 cartera Lib.Agarimo); **Andrea Pita Ponce** (1 carteira Lib. Agarimo); **Carolina Ramonde Soto** (1 estuche Lib. Agarimo)

• **Os colaboradores da sección PASATEMPOS:**

**Lorena Morales** (1 par calcetíns- Nov. Prieto) e **Nerea Fontela** (1 libro-Lib. Abrente); **Lucía Yáñez** e **Tania Ramos** (1 par de calcetíns cada unha-Nov. Prieto); **Ángela García** (1 xogo de bolígrafos- Lib.Agarimo); **Danny Martínez** (1 estuche- Lib.Agarimo); **Eloy Dorna, Iago Pérez** e **Miriam Rodríguez** (1 libro cada un- Lib.Agarimo); **Mateo Blanco, Nicolás Iglesias, Cristina Landrove** e **Óscar Vázquez** ( 1 libro cada un-Lib.Agarimo); **Corina Luaces, Fran Rodríguez, Hugo Caloto, Fátima Barcia** e **Sandra Deus** ( 1 libro cada un- Lib. Abrente) ;**Alberto Piñeiro** ( 1 xogo de calcetíns de deporte - Nov. Prieto).

# Os nosos Concursos e Festas

## *Festival Nadal 2005*



Lucía, Jocelyn e M<sup>a</sup> Carmen, bailando «Baila, morena»



Xiana, Jimena, Beatriz e Nerea ao son do ritmo de  
«Destiny's Child»



Mateo, Nico e Tecia, do grupo Costa Norte



Nico, Diego, Leticia e David interpretando un tema




Na estrea do ximnasio como Salón de Actos co novo escenario feito pola ANPA contamos co grupo Costa Norte.

O grupo de teatro do IES Cabo Ortegá representando «Ramón e Balbina no Caribe e sen guía» (David, Tatiana, Elena e Nerea cos actores invitados Bibi e Pablo)



Manuel, Marcos, Tatiana, David, Nerea e Pablo saudando ao público.



Os nativos Marcos, Bibi e Pablo.





O novo grupo local, Punto Muerto, formado por, entre outros  
Manuel, Marcos e Adán.



Un grupo de alumnos de 1º ESO e 1º e 2º de Bacharelato  
interpretando panxoliñas francesas tradicionais.



A Rondalla Moderna nun momento da súa actuación

# Concurso Postais Nadal 2005



1ª Categoría (1º/2º ESO), en papel reciclado - Lucía Fraguela Mariña, 1.º ESO B.

2ª Categoría (3º/4º ESO) en papel reciclado- Miriam Rodríguez Fernández, 4º ESO

1ª Categoría (1º/2º ESO) en cartulina- Victoria Landrove Zaratán, 1º ESO A.

2ª Categoría (3º/4º ESO) en cartulina- Diego Álvarez Vizoso, 4º ESO C.

Todos eles galardoados con 25 • en Infosystems ou Deportes Luis.

# Concurso Postais San Valentín

## Modalidade escritos e poemas

1ª Categoría (1º/2º ESO)- Luis Manuel Pena Fraga, 2º ESO A (Poema).

3ª Categoría (1º/2º Bacharelato)- Noemí Quiza Luaces- 2º Bacharelato B (Escrito).

## Modalidade postais

1ª Categoría (1º/2º ESO)- Santiago Pita de Navasqües, 1º ESO B.

2ª Categoría (3º/4º ESO)- Miriam Rodríguez Fernández, 4º ESO A.

Todos eles galardoados con 25 • en Infosystems ou Deportes Luis.



# Entroido



**MELLOR DISFRAZ:**  
**Cristina Santiago Breijo,**  
**2º Bacharelato A**





Un momento do partido de alumnos contra profesores

*Vaia paliza nos meteron!*

# San Andrés 2006



Debuxo premiado feito por Diego Santiago García, de 1º ESO A.

# Festival Fin de Curso Xuño 2006



As presentadoras, Lucía Fraguela e Mª Carmen Luaces.



O novo grupo "Caída Libre". No escenario Diego, Luis e Xiana



O exconserxe Roberto (non che olvidamos) xunto a Yago, alumno do centro que xa rematou o Ciclo de Informática. Moita sorte aos dous!

## Mellores Expedientes 2005/06

Nace este novo premio como recoñecemento aos alumnos/as con mellores resultados académicos en cada curso. No curso 05/06 os premiados foron:

***ESO: Lorena Pedre Carrodegas***

***Bacharelato: Nicolás Iglesias Pena***

# Buon viaggio

## *1º Día: Roma Imperial*

Comezamos a visita polo Coliseo, este monumento ten unhas dimensións colosais. Posteriormente dirixímonos ao Palatino, aquí foi onde Augusto mandou construír o primeiro palacio imperial.



Beatriz Núñez, Julia Novo, Anael López e Sara Pena, diante do Coliseo

Continuamos cara o Circo Máximo, trátase do maior edificio para espectáculos construído en todos os tempos. Camiñando dirixímonos ao Foro romano, as súas ruínas revelan canto era de grandioso o Imperio romano.

Nesta visita tamén vimos: o templo de Antonio de Titus, o Arco de Septimio Severo e a basílica de Majencio. Ao saír do Foro continuamos cara á praza Venecia, co grandioso monumento a Víctor Manuel “Victorioso” o monumento máis grande de Italia.

Camiñando acadaremos a praza do Campidoglio que é o corazón de Roma.



Rómulo e REmo coa loba, todo un símbolo da cidade.

## *2º Día: Roma Antiga*

Empezamos a visita polo campo de Fiori, que é unha das principais prazas de Roma. Continuaremos a pé cara á Piazza Navonna, que é a máis famosa praza barroca.

Seguimos cara ao Panteón, de todos os monumentos da antigüidade romana o Panteón é o máis perfecto e o que mellor se conserva.

Camiñamos cara a famosa Fontana de Trevi, se non é a máis espléndida, é certamente a fonte máis célebre de Roma. Nesta fonte é tradición tirar á fonte unha moeda, de costas e sobre os ombros. O único desexo que se cumpre é regresar a Roma. Continuamos cara á praza do pópulo, esta praza é de gran beleza e harmonía.

### **3º Día: Vaticano**

Durante todo o día visitamos as súas instalacións. Está edificado no lugar en que San Pedro sufríu martirio e foi sepultado. No século IV DC, Constantino, primeiro emperador cristián, edificou unha espléndida basílica, que foi sucesivamente destruída e reconstruída no curso de case 120 anos.



Julia, Sara, Anael e Beatriz  
diante da Basílica de san Pedro.

A basílica de San Pedro é unha das experiencias máis impresionantes dende o punto de vista arquitectónico. Entre os tesouros de San Pedro destaca a célebre Piedade de Miguel Anxo. Os museos vaticanos (3), froito de séculos de coleccionismo e encargos papais.

### **4º Día: Bus panorámico + Vila Burguesa e Roma a pé**

Visitamos nun bus convertible os principais lugares da cidade de Roma, todo isto foi acompañado dunha explicación a través do audio do autobús. A Vila Borguesa ocupa unha vasta zona situada entre a vía Pinciana e o Muro Torto.

Roma a pé: Foi un percorrido a pé por unha parte da cidade de Roma. O percorrido partiu do Coliseo e finalizou a visita contemplando a maxestuosidade da praza da República.



Beatriz, Sara e a autora desta  
reportaxe no aeroporto.

# A nosa Viaxe a Cataluña

Como este ano non tivemos reporteiro/a na viaxe de estudos dos alumnos de 4º ESO a Cataluña reproducimos unhas fotografías facilitadas polo alumnado.



*Antón, Manuel Schena e Manuel Senra, os bellos durmientes no bus. Que ben descansaban!*



*Poster feito e asinado polos asistentes á viaxe colocado nas paredes do instituto.*




*Luisa, Manuel Antonio e Mónica xunto á Copa do Barça no Camp Nou*



*Os chicos de 4º saíndo do hotel Jaime I, en Salou.*



*En Tarragona (ao fondo as ruínas romanas).*



*O grupo, xunto a José Luis e Julián, profes acompañantes, diante da Sagrada Familia.*



*En Port Aventura, todos sorríntes.*



# Os nosos escritores

## *LAS SONRISAS YA NO SON SINCERAS*

Las sonrisas ya no son sinceras, miradas perdidas. Mi alma se desvanece, su amor me esquiva y su calor se pierde entre el frío, fusiona sentimientos, ahora perdidos en la nada. El olvido es cada vez más fuerte que el recuerdo, sus besos se van borrando en mi memoria; tiempo perdido llevado por la decepción, y sólo me queda dolor. Ilusiones que se escapan, esperanza enterrada en una equivocación, en pensar en el éxito. Un sueño, un simple sueño irrealizable. ¿Por qué cuando parece que todo va genial, se tuercen las cosas?, ¿Por qué no puedo vivir pensando que él también me ama? Pasan los días y de manera monótona se repite la misma situación, alegre de puertas hacia afuera, pero al llegar a casa me apoyo en una pared, desesperada y sin fuerzas termino en el suelo derramando las mismas lágrimas de esta mañana, las mismas de ayer ... lágrimas de compasión, compasión de mí porque ya no tengo ganas de seguir luchando, porque ya me cansé de esperar. Me adentro en la más profunda indiferencia por seguir con vida. ¿De qué me sirve vivir, si nadie vive conmigo? ¿De qué sirve sentir, si nadie a mi alrededor siente?



Ya nada me preocupa, no temo a nada y no me escondo de la muerte; ya no me importa lo que pase, porque nada me rodea, porque estoy sola en medio de un desierto.

*Anónimo*

## ***UN SENTIMENTO***

O noso sentimento,  
O galego vai por dentro.  
Non importa o sufrimento,  
É algo que eu quero  
E quereirei, en todo momento.

Máis aló do horizonte  
Está a esperanza.  
Onde o Sol se esconde,  
Onde o Sol se agacha.

A nosa terra, virxe.  
O noso tesouro, a nosa orixe.  
Todos os ríos, árbores,  
Rochas e aves, unidos  
Por unha maxia verde,  
As flores e floridas.

Na primavera do Norte  
Alí onde o mar rompe,  
O mundo acaba  
E o soño aflora.

Verdes son os campos.  
Azul o ceo e o mar.  
Fermosos son os cantos  
Do vento ó zoar.

*Mateo Blanco Docal*

## ***NUN MES DE MAIO ...***


Nun mes florido de Maio  
Funme á lonxania  
Fun collendo flores  
Entre as que mais quería,  
Tiña as mans encolmadas,  
Unha mais xa non cabía.  
Logo fun ao altar da Virxe María  
E díxenlle:  
Aínda que é o mes de Maio  
Eu prométoche  
Que che traerei flores todos os días.


*M<sup>a</sup> del Carmen Luaces Martínez*

# Os nosos artistas

A profesora de Plástica, Consuelo Benito, organizou unha exposición na Casa da Cultura a finais do mes de xuño deste ano cos traballos dos nosos alumnos feitos ao longo do curso 2005/06. Menudos artistas están feitos!


Estas son algunhas das obras expostas na mostra.





## ***DECORAMOS O INSTITUTO***

Como podedes ver, no Instituto temos exposicións permanentes dos traballos do noso alumnado que se cotizan ben no mercado.



# Sopas de Letras

BUSCA 15 PALABRAS CON “B” E “V”.

Patricia DEUS GARROTE

M	R	M	S	C	A	B	E	R	T	O	P	C	K	F	R	B
O	A	E	O	R	B	A	A	S	O	A	R	S	T	E	X	O
B	L	R	X	N	O	I	C	N	E	V	B	U	S	R	M	C
S	S	M	A	O	R	E	B	T	G	O	X	P	O	V	O	B
E	E	E	G	B	F	R	E	B	V	A	O	C	Z	E	E	O
R	T	L	V	N	I	O	R	S	Z	N	X	N	A	R	Ñ	R
V	S	L	E	M	I	L	I	S	S	R	T	X	R	M	N	E
A	R	O	A	L	R	T	L	A	R	O	D	A	B	O	R	T
R	P	S	A	R	I	E	B	O	P	C	R	O	S	T	N	A
S	O	R	U	O	T	L	I	U	S	T	T	A	A	I	S	O
T	S	U	A	V	E	K	B	T	X	O	G	R	A	V	A	R

BUSCA OS SEGUINTE ALIMENTOS

Natalia TEIXEIRA De MAGALHAES

P	O	R	C	O	G	O	M	B	R	O	E	B	T	G
T	A	P	S	V	L	E	N	T	E	L	L	A	S	A
S	R	S	N	O	V	O	Q	O	O	L	O	C	I	R
I	T	U	T	S	X	R	Ñ	S	R	L	U	A	Q	A
Q	R	O	L	A	S	A	R	D	I	Ñ	A	L	O	V
Z	M	S	T	N	S	R	T	S	A	L	B	L	D	A
O	U	O	Q	U	E	I	X	O	S	R	I	A	C	N
R	F	E	I	X	O	N	S	E	T	C	O	U	R	Z
R	I	O	I	O	G	U	R	U	E	G	S	U	Q	O
A	P	E	X	E	G	O	I	I	O	F	N	O	T	S

GARAVANZOS / PORCO / SARDIÑA / AÑO  
BACALLAU / FEIXÓNS / YOGUR / PASTAS  
PEXEGO / COGOMBRO / QUEIXO / OVOS  
FEIXÓNS / XATO / LENTELLAS / ARROZ

FIND THE FOLLOWING “ENGLISH WORDS” IN THIS WORDSEARCH.

Luisa HERNÁNDEZ BALADO, Tania PAINCEIRA JANEIRO, Miriam RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

DELINCUENCIA	T	T	N	E	M	N	O	R	I	V	N	E	D	E	A	D	L	I	V	T	TERRORISMO
ENFERMEDAD	E	R	P	E	V	I	V	R	U	S	H	B	Y	P	N	I	G	H	I	E	EGOÍSTA
ECONOMÍA	R	A	W	H	I	G	L	I	S	H	M	E	P	I	T	O	L	A	S	R	MENTIR
MEDIOAMBIENTE	P	C	O	F	E	R	T	I	L	I	Z	E	T	H	G	U	O	R	D	R	PELIGRO
POBREZA	O	I	U	M	A	A	K	E	S	D	A	N	G	E	R	S	I	L	O	O	APARIENCIA
RACISMO	E	S	R	R	I	D	F	I	T	R	C	M	A	N	I	L	E	R	T	R	TOXICOMANÍA
GUERRA	S	N	O	R	R	E	T	S	A	D	R	U	O	I	V	A	H	E	B	I	ALCOHOLISMO
SEQUÍA	U	R	O	C	I	S	O	N	H	P	I	H	S	D	N	E	I	R	F	S	NOTAS
TERREMOTO	B	O	T	E	C	O	C	I	S	O	M	S	T	I	L	L	O	N	T	M	COMPORTAMIENTO
HURACÁN	A	C	A	D	I	E	N	N	E	V	E	T	E	X	I	C	O	O	M	E	SOBREVIVIR
TORMENTA	L	I	D	D	A	N	G	O	N	E	R	N	P	A	N	O	R	T	E	S	AMISTAD
DESEMPLEO	O	S	E	S	U	B	A	G	U	R	D	S	F	I	S	M	A	D	T	O	FERTILIDAD
	H	D	E	L	I	N	Q	U	E	T	A	M	I	E	L	E	M	E	N	T	
	O	T	S	E	Q	U	I	E	S	Y	T	E	N	A	C	I	R	R	U	H	
	C	A	P	O	O	U	E	K	A	U	Q	H	T	R	A	E	G	G	U	E	
	L	S	T	N	E	M	Y	O	L	P	M	E	N	V	T	O	R	R	M	E	
	A	H	D	I	S	I	M	P	L	E	I	D	H	S	I	F	L	E	S	T	

## ATOPA OS NOMES DE 16 AUTORES LATINOS E GREGOS

Natalia PEGO CASTRO • Félix VILLAR IGLESIAS • Fabio RÍOS FERNÁNDEZ

K	R	S	V	U	L	E	U	R	I	P	I	D	E	S	M	S	O	A	N
R	K	Y	B	I	C	O	X	Z	O	R	M	C	O	T	L	M	G	J	P
I	W	J	S	Y	R	X	Z	P	Ñ	F	P	G	O	E	A	E	I	O	U
Z	R	S	T	O	O	G	M	H	K	W	V	R	E	R	S	C	H	E	A
L	I	R	B	C	C	K	I	I	O	Y	L	A	K	E	O	T	O	P	R
A	A	E	N	E	N	R	I	L	S	H	A	C	U	N	T	H	M	B	I
P	E	R	T	S	A	R	A	I	I	A	N	N	A	C	G	I	E	O	S
I	V	A	N	Q	I	K	R	T	I	O	S	T	L	I	I	N	R	K	T
N	R	E	U	K	U	C	K	H	E	S	I	O	D	O	U	E	O	R	O
D	I	N	A	F	E	I	T	U	T	S	X	O	I	N	R	O	P	E	T
O	G	O	H	I	N	K	R	R	P	X	M	O	I	F	A	C	B	I	E
R	O	M	C	A	C	E	N	E	S	F	R	L	A	D	U	R	A	E	L
O	N	P	A	A	T	R	I	C	I	A	P	N	E	R	I	I	K	I	E
T	A	S	L	A	L	M	A	H	A	Y	E	T	O	V	I	V	L	L	S
A	O	G	C	E	S	P	E	O	P	S	L	E	J	T	A	L	O	L	E
T	T	A	E	S	V	A	N	E	S	A	S	A	R	O	A	M	E	R	O
A	U	R	O	D	I	A	N	N	A	F	P	U	E	L	L	L	O	N	A
C	A	H	S	C	I	R	A	T	C	O	M	T	O	T	E	K	P	I	N
G	L	F	A	L	S	P	A	L	I	M	C	R	A	U	M	M	L	S	R
J	P	O	J	E	S	U	O	L	Y	C	E	S	Q	U	I	L	O	P	V


## ATOPA OS NOMES DOS SEGUINTE DEUSES

Alejandro IGLESIAS ARMADA • Rubén LOUREIRO ORIZALES • José Luis GÓMEZ SANTIAGO

Z	E	U	S	A	Z	E	F	N	E	A	H	E	R	M	E	S	B
B	D	F	K	N	K	A	J	K	T	W	X	K	Z	J	K	P	C
G	H	C	P	D	J	O	F	V	A	W	P	O	S	I	D	O	N
A	T	E	N	E	A	T	G	R	M	R	S	Y	V	M	A	D	O
I	M	R	B	F	S	I	H	I	O	A	T	Z	A	P	O	L	O
D	E	M	E	T	E	R	J	K	I	D	R	E	S	T	E	N	K
H	E	F	E	S	T	O	O	M	N	Q	I	H	M	V	W	R	F
O	P	Q	C	G	E	S	E	D	A	H	P	T	G	I	F	X	Z
H	E	R	A	D	H	S	E	R	A	V	X	T	A	S	S	A	N


ZEUS • HERA • AFRODITA • ATENEA • HERMES • ARES • POSEIDÓN • ARTEMIS • DEMÉTER  
APOLO • HADES • HEFESTO

# Encrucillados



Manuel ARMADA OCA  
Simón PRIETO PAINCEIRA  
Cristian TORRES GIL

- 1- Deus pai de todos os deuses e mortais.
- 2- Tráxico grego do S. V a. C..
- 3- Representante da monodia nacida no S. VI a. C..
- 4- Deus da poesía, da beleza, das artes, da música e da adiviñación.
- 5- Deusa da agricultura.
- 6- Deusa da caza e dos bosques.
- 7- Filósofo grego discípulo de Platón.
- 8- Obra épica onde o protagonista é Ulises.
- 9- Deus mensaxeiro dos deuses que lle dá nome a un planeta.
- 10- Cidade onde se produciu unha famosa guerra.
- 11- Filósofa que foi condeada polas súas ideas tan avanzadas.
- 12- Protagonista da Odisea.
- 13- Autor da Teogonía.
- 14- Rei de Troya e pai de Hector.
- 15- Persoa culpable da guerra de Troya e que captou a Helena.
- 16- Protagonista da Eneida.
- 17- Autor da Ilíada e da Odisea.




Mateo BLANCO DOCAL

DOWN:

1. Object that is used to see the hour.
2. In a book, the part that is at the end.
3. The season when we can go to the beach.
4. Preposition.
5. The opposite of woman.
6. An object whose function is to write and draw.
7. Pronoun.

ACROSS:

1. A synonym of moment.
2. The fruit that produces wine, plural.
3. It's the day which comes after Tuesday.
4. A pet.
5. A person who works on a boat.
6. A fantastic story which has real parts.
7. An animal that lives in farms.
8. A dessert that we eat on holidays.
9. A drink that cows produce.
10. Short form of something.



3 LETRAS : ECO

4 LETRAS : ZEUS, HERA

5 LETRAS : EDIPO, ENEAS

6 LETRAS : ATENEA, EUROPA, ULISES


7 LETRAS : NARCISO

8 LETRAS : AFRODITA, HÉRCULES, FILOMELA

9 LETRAS : EURÍPIDES

Cristina FRAGUELA CANEIRO  
 Manuel SENRA EIROA  
 Daniel VILA DÍAZ





**ACROSS:\*\***


1. A part of a room that if you open it it's cold.
2. Someone who can appear and does magic.
3. An object which is used for looking at ourselves.
4. The opposite of dirty.
5. When you aren't alive.
6. The plural of a part of body which can be blue, black, green, or brown.
7. Preposition.
8. An animal that is very tall and can live in forest or in the North Pole.
9. An animal which is very big and has very big ears too.
10. An object that is used for writing.

**DOWN:**

1. The part of animals ' body that is behind.
2. A place where you can go on holidays and you can swim.
3. A place where you walk.
4. The opposite of far.
5. The city which is Holland's capital.
6. The opposite of nobody.
7. The place where.
8. A part of body which we can hear with.
9. A big automobile that is used for transporting merchandise.
10. A colour that is like blood.

# Hieroglyphs

Lorena PEDRE CARRODEGUAS • Laura QUIZA LAGO



+



= You use them in summer

---



+ 1/4 -rter +



= Abrupt movement of the ground

---



+



= Animal with wings

---



+



= Small red fruit


---

Opposite of out +



= When you put your slippers on  
at home you are

---



= You shouldn't be like that

---

# Benvidos ao IES Cabo Ortegal



*Novos alumnos de 1º ESO na súa visita ao centro antes do comezo do curso 2006/07, acompañados dos seus titores e da alumna Lucía Fraguela, unha boa anfitrióna.*



COFINANCIADA POLA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA